

XOSE FILGUEIRA VALVERDE. BIBLIÓFILO E EDITOR: DA EDITORIAL SOCIEDAD DE BIBLIÓFILOS GALLEGOS Á COLECCIÓN GALICIA HISTÓRICA DA FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA

Ignacio Cabano - Biblioteca de Galicia
Daniel Buján - Biblioteca de Galicia
Anxos Sumai - Consello da Cultura Galega

Resumo: O presente artigo céntrase na proxección de Xosé Filgueira Valverde nas súas facetas como bibliófilo, que recolle estudos arredor do libro e do gravado en Galicia; como estudoso da ciencia dos repertorios e das bibliografías, como a Bibliografía de Galicia; como editor, na que destaca a súa xestión dende a Sociedad de Bibliófilos Gallegos, da colección Galicia Histórica da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Abstract: This article focuses on the projection of Xosé Filgueira Valverde in its facets as bibliophile, which includes studies around the book and prints in Galicia; as scholar of the science of reference books and bibliographies; as the bibliography of Galicia; as editor, which features its management with the Sociedad de Bibliófilos Gallegos, of the collection Galicia Histórica for the Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Palabras chave: Bibliofilia, bibliografía, edición en Galicia.

Key words: Bibliophile, bibliography, Galicia edition.

Humanista, curioso indagador da cultura galega e da sabedoría de quen ama as cousas que o rodean, Xosé Filgueira Valverde coñece, estuda e escribe sobre un case inabarcable, para outra persoa que non fose el, abano de disciplinas. Os números non son máis que a sombra dun interese científico incansable, pero, aínda que superficiais, poden dar unha imaxe eficaz para o profano, dunha inesgotable enerxía dedicada ao seu país e ás súas xentes. Un total de 2.136 publicacións e 4.533 intervencións foron reunidas na bibliografía que en 1996 recolle

o seu quefacer investigador dende o temperán artigo sobre Xelmírez, escrito con dezaseis anos, ata o momento da merecida homenaxe. Galicia sempre presente, pero tamén unha necesidade renacentista de saber que atinxe a todos os ámbitos da cultura: historia, arqueoloxía, arte e literatura, mesmo con incursións no labor creativo.

En tan ampla colección, calquera selección resulta parcial e incompleta. Aínda así, e como platónico reflexo dunha realidade moito máis complexa, centráremonos nas súas facetas como bibliófilo, que recolle estudos arredor do libro e do gravado en Galicia; como estudoso da ciencia dos repertorios e das bibliografías, como a Bibliografía de Galicia; como editor, na que destaca a súa xestión dende a “Sociedad de Bibliófilos Gallegos”, á colección Galicia Histórica da Fundación Barrié de la Maza.

I. 1926-1939

Dende moi novo, Filgueira Valverde participou en entidades e actividades de signo católico. Na Compostela universitaria, por exemplo, formou parte do Círculo de la Juventud Antoniana e colaborou no semanario confesional *La Renovación*, que se editou entre 1921 e 1924, e do que chegou a ser redactor-xefe.

Do mesmo xeito, participaba decisivamente na edición en Pontevedra, entre xaneiro de 1931 e febreiro de 1936, do boletín católico mensual *Logos*, integramente redactado en galego e no que, canda os textos do futuro cardeal Quiroga Palacios (que asinaba aquí “F. Pazos”), de Iglesias Vilarelle, Ferro Couselo, Risco, Otero Pedrayo, Álvaro de las Casas, Fr. Aureliano Pardo Villar, Fr. Atanasio López, Fr. Gumersindo Placer, o presbítero Ramón M.^a Aller e de moitos outros colaboradores, con notoria presenza de membros das comunidades regulares de Poio e Samos, publicou Filgueira Valverde artigos sobre varios mosteiros galegos (Sobrado dos Monxes, San Xoán de Poio, A Franqueira, Santa María do Sar, San Martiño Pinario), sobre o culto e as peregrinacións xacobeas, ou a figura do escritor católico francés Henri Bremond, entre outras temáticas. Tamén fixo recensións de obras teolóxicas, historiográficas e literarias publicadas neses anos, asinando cos pseudónimos “J. Acuña” ou “J. A.”.

En Lugo, durante a Guerra do 36, o erudito pontevedrés fíxose cargo da edición do célebre calendario agrario *O Gaiteiro de Lugo*, que pola súa iniciativa publicouse integramente en galego, e substituíu a Noriega Varela na confección dos tan celebrados “xuicios do Ano”.

En outubro de 1939, coa Guerra Civil xa finalizada, Filgueira Valverde regresou á súa cidade, ao Museo de Pontevedra, ao Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e á editorial Bibliófilos Gallegos.

II. ESCRIBIR SOBRE LIBROS

Poucas figuras en Galicia amaron na súa vida os libros tanto como Xosé Filgueira Valverde. Dende sempre. Xa ben dicía Antonio Fraguas na introdución da súa bibliografía que sempre fora “máis amigo dos libros que dos xogos”, e entre libros e lecturas, en bibliotecas e librerías, foise forxando a personalidade intelectual dunha das figuras imprescindibles da cultura galega deste século.

O libro foi o seu mellor mestre, aínda que nunca lle faltaron guías e mentores neste intricado e complexo mundo da letra impresa, como o seu pai ou o extraordinario bibliógrafo Armando Cotarelo, mesmo os compañeiros de viaxe, colaboradores de proxectos bibliográficos e amigos como Alfredo García Alén ou Antonio Odriozola, outra das figuras esenciais da bibliografía en Galicia. E ao libro, en agradecemento, dedicoulle parte do seu talento e da paixón que poñía en todo canto espertaba o seu interese e a súa curiosidade. Os libros son un mundo complexo e rico, con atractivos en diferentes campos, como obxectos en si mesmos ou como continentes de ideas e de artes. Filgueira Valverde dedicoulle moito do seu tempo ao estudo da literatura, en especial da literatura galega, á que contribuíu con importantes traballos como os dedicados ás cantigas e á literatura medieval. E canda iso, numerosos estudos de autores, de textos, de vocabularios, de linguaxes, do rico mundo que conteñen os libros. Pero incluso en temas máis afastados do mundo impreso, non faltaba unha cita, unha referencia ou un comentario que nos achegaba de novo as páxinas manchadas pola sinxela e, ao mesmo tempo, infinda tipografía.

Aí radica precisamente a dificultade desta selección, onde o problema non está tanto en atopar material como na necesidade de deixar fóra numerosos escritos que, así e todo, dunha maneira ou doutra, tocan o mundo do libro. De entre as moitas aproximacións de Xosé Filgueira Valverde ao tema do libro e das publicacións impresas, a de bibliófilo é unha das máis queridas polo autor, e móstrao en estudos onde a produción, a edición, as súas estruturas, todo canto afecta ao libro como obxecto atrae o seu interese. Escribiu artigos sobre xoias bibliográficas, acompañando a miúdo edicións facsimilares delas, ou sobre vellas revistas e publicacións galegas, en moitas das cales conta, ás veces como protagonista, as circunstancias da súa publicación ou anécdotas do mundo da imprenta galega, ou visións xerais e resumos históricos sobre o libro galego. En resumo, Filgueira



EX-LIBRIS
FILGUEIRA
VALVERDE

Valverde achégase ao mundo da letra impresa dende as múltiples fontes dunha cultura enciclopédica, rica e sentida.

Canto a artigos de alcance máis xeral, comeza a selección cun par de traballos separados no tempo por vinte e seis anos, pero queda a imaxe da continua atención do profesor, ao longo do tempo, á imprenta en Galicia. Ambos os artigos tratan sobre o libro galego.

O primeiro, publicado en 1948, leva o título de “Libros de la vieja Compostela” e foi publicado con motivo da primeira exposición organizada polo Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, e onde Filgueira Valverde dirixía a Sección de Historia da Literatura. Esta primeira exposición do Instituto tiña un título ben significativo: *La imprenta Compostelana. Libros y folletos hasta 1868*. O segundo, máis recente e tamén un pouco máis amplo en alcance temporal e xeográfico, titúlase “A hestoria do libro galego” e recolle o relatorio presentado no primeiro *Seminario encol do Libro Galego*, celebrado no Museo Carlos Maside en xullo de 1972. As intervencións deste primeiro seminario foron publicadas en 1974 por Edicións do Castro, nunha obra colectiva titulada *O libro galego a discusión*.

Xosé Filgueira Valverde xoga tamén un importante papel no lanzamento da Editorial de los Bibliófilos Gallegos, da que é secretario baixo a presidencia de Sánchez Cantón. Alí publícanse algúns dos textos máis interesantes da posguerra galega, entre eles a Colección de los Bibliófilos Gallegos dedicada á reprodución facsimilar de vellas obras, cuxa rareza e interese facían da serie unha das xoias da nosa produción editorial.

Á parte do seu labor de editor, Filgueira Valverde realiza un importante traballo de estudo e edición dos textos, que se concreta en documentadas e amplas introducións a varias edicións facsimilares.

O primeiro deles, con prólogo precisamente do profesor pontevedrés, é a reedición do célebre impreso de Mondoñedo, de 1550, *Descripción del Reyno de Galicia*, do licenciado Bartolomé Sagrario de Molina, unha fermosa obra do impresor Agustín de Paz, e unha das poucas e rarísimas impresións galegas do século XVI. O facsímile publícase no ano 1949, a partir dos dous exemplares da Biblioteca Nacional (dos que se toman a portada, preliminares e parte do texto) e do conservado no Museo de Pontevedra (utilizado para a táboa e outra parte do texto). O profesor Filgueira Valverde realiza un amplo estudo, no que ofrece datos de especial interese (el é o primeiro en Galicia que dá a coñecer, precisamente neste artigo, a existencia da *Breve forma de confesión*, tamén de Mondoñedo, que citara Haebler pero pasara desapercibida aos bibliófilos galegos), e realiza unha profunda investigación sobre os comezos da imprenta en Mondoñedo, sobre o Licenciado Molina, o coñecido autor do libro, sobre o propio texto, os seus manuscritos e

EDITORIAL DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS

CONVOCATORIA DEL PRIMER CONCURSO

La Editorial de los Bibliófilos Gallegos, S. A., abre concurso para otorgar el primero de los premios a que se refiere el Art. 7.º de sus Estatutos. Para otorgarlo registrarán las siguientes bases:

- 1.º OBJETO.—Será objeto de este concurso una novela gallega y destinada a la inmediata publicación, con libertad de tema y volumen. La cualidad de «gallega» podrá provenir, indistintamente, de la lengua empleada, del carácter del asunto o de la naturaleza del autor. Quedará fuera de concurso, la obra que por su asunto o contenido pueda preverse haya de ser rechazada por los organismos encargados de autorizar la impresión.
- 2.º PREMIO.—El autor de la novela premiada percibirá DIEZ MIL PESETAS, y cincuenta ejemplares de la obra, cuando se edite. La aceptación del premio implica la renuncia de los derechos de autor, por un plazo de diez años, en favor de la Editorial. Los concursantes, por el hecho de serlo, conceden a la Editorial la opción para adquirir y publicar, mediante las condiciones que se concierten, los originales presentados y que no fuesen premiados.
- 3.º LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN.—Las novelas que aspiren al premio de Bibliófilos Gallegos se presentarán en el domicilio social de la Sociedad en Santiago de Compostela, antes de las doce del día 31 de Diciembre de 1949, en tres copias mecanografiadas a doble espacio y en cuartillas o dobles cuartillas, escritas por una sola cara. Los originales traerán en la portada el nombre y apellido del autor y, al final, su firma habitual.
- 4.º JURADO.—El Consejo de Administración designará el Jurado que permanecerá secreto hasta la publicación del fallo. Éste será inapelable. Podrá no conceder el premio, pero no dividirlo. Con las obras no premiadas que obtengan más de tres votos, se formará una relación de preferencia para futuras ediciones, según se previene en la 2.ª cláusula.

El Sr. Gerente de la Sociedad, D. Felipe R. Cordero Carrete (Apartado 129, Santiago), aclarará cualquier duda que manifiesten los posibles concursantes sobre la interpretación de esta convocatoria.

Santiago de Compostela, Enero de 1949.

V.º B.º
EL PRESIDENTE,
F. J. Sánchez Cantón.

EL SECRETARIO,
José Filgueira Valverde.

edicions e sobre o desventurado impresor, Agustín de Paz, que terminaría os seus días no cárcere de Santiago de Compostela, acusado de herexía.

Sobre este curioso tema precisamente, a morte de Agustín de Paz e a acusación de herexía pola publicación dunha perdida *Suma de la doctrina cristiana* con graves erros teolóxicos, volve Filgueira nun interesante artigo titulado “A herexía dun impresor compostelán e a «La Pélerine de Grace»”, publicado moi

posteriormente, con motivo da homenaxe a Antonio Odriozola, na revista do Museo de Pontevedra.

Outra descrición de Galicia, esta inédita, consérvase nas coleccións Osuna e Gayangos da Biblioteca Nacional de Madrid, co título *Descripción del Reyno de Galicia* e cunha extensión de quince folios manuscritos. Foi dada a coñecer por Filgueira Valverde nun artigo publicado en 1948 nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*. No ano 1970 realiza tamén a introdución, con amplo estudo, da edición facsimilar do libro de Felipe de la Gándara, de 1662, *Armas y triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*, acompañando o curioso traballo sobre os “cronistas” oficiais do Reino de Galicia (relación que inicia precisamente o padre Gándara), cun cumprido estudo sobre o monxe agostiño de Allariz e a súa obra, e con interesantísima, detallada e documentada bibliografía.

Tamén dentro da colección Bibliófilos Gallegos, realiza e publica en 1974 o estudo introdutorio da obra, tamén facsimilar, do Nobiliario de Don Pedro Conde de Barcelos, editado en Roma no ano 1640, ordenado e ilustrado por Juan Bautista Labaña e anotado e completado polo Marqués de Montebello, Álvaro Ferreira de Vera e Manuel de Faria e Sousa. Trátase do famoso *Livro das Linhages*, unha antiga obra do fillo do non menos famoso rei don Dinís que, a través de traslados, refundicións e acrecentamentos, ordenacións e alteracións de todo tipo chega ata o século XVII coa habitual forma de obra de autor único convertida en traballo colectivo de séculos.

O completo estudo de Xosé Filgueira Valverde que precede a luxosa e ben coidada edición facsimilar, “honra da imprenta galega dos nosos días”, como el mesmo di, abrangue dende a figura de Pedro de Barcelos, as súas obras e a súa discutida, durante algún tempo, autoría do libro, a obra en si, os manuscritos e edicións, o contido e as calidades, os diferentes personaxes que participan na edición de 1640, e a completa bibliografía sobre o tema. Esta interesante parcela do seu traballo, como editor ou estudoso de vellas obras, non se limita á colección dos Bibliófilos Gallegos, pois tamén recibe encargos de editoriais de fóra de Galicia.

No ano 1943 realiza Filgueira Valverde para a Biblioteca Clásica Ebro, da editorial do mesmo nome, un novo, amplo e documentado estudo con destino á edición da *Primera Crónica General de España*, redactada na corte de Afonso X, e para a que o profesor pontevedrés elaborou tamén a selección de textos e a anotación deles.

Neste grupo incluimos ademais un importante estudo que, xa no ano 1929, Xosé Filgueira Valverde dera a coñecer na publicación *Archivos del Seminario de Estudios Gallegos*, unha institución fundamental dentro da cultura galega anterior á Guerra Civil e da que o profesor Filgueira era membro fundador e un dos principais animadores. Trátase do artigo “As festas de san Pío V en Santiago no ano 1713”, onde estuda, dá a coñecer e expón o seu contido, un curioso libro

EDITORIAL DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS

CONVOCATORIA DEL SEGUNDO CONCURSO

La Editorial de los Bibliófilos Gallegos, S. A., abre su segundo concurso, para el cual regirán las siguientes bases:

- 1.º OBJETO.—Será objeto de este concurso una traducción directa y completa a la lengua gallega de una obra maestra de la literatura universal, cuyo tamaño no exceda de los límites previstos para la Biblioteca Galicia: entre 150 y 300 páginas octavo mayor. Quedan excluidas las obras pertenecientes a las demás literaturas peninsulares y (ya que el concurso tiene por objeto la inmediata y amplia difusión editorial) aquellas cuya publicación pudiera no ser autorizada.
- 2.º PREMIO.—El autor de la traducción premiada percibirá CINCO MIL PESETAS, y veinte y cinco ejemplares de la obra, cuando se edite. La aceptación del premio implica la renuncia de los derechos de traductor por un plazo de diez años, en favor de la Editorial. Los concursantes, por el hecho de serlo, conceden a la Editorial la opción para adquirir y publicar, mediante las condiciones que se concierten, los originales presentados y que no fuesen premiados.
- 3.º LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN.—Las obras que aspiren al premio de Bibliófilos Gallegos se presentarán en el domicilio social de la Sociedad en Santiago de Compostela, antes de las doce del día 31 de Diciembre de 1950, en tres copias mecanografiadas a doble espacio y en cuartillas o dobles cuartillas, escritas por una sola cara. Los originales traerán en la portada el nombre y apellido del autor y, al final, su firma habitual.
- 4.º JURADO.—El Consejo de Administración designará el Jurado que permanecerá secreto hasta la publicación del fallo. Este será inapelable. Podrá no conceder el premio, pero no dividirlo. Con las obras no premiadas que obtengan más de tres votos, se formará una relación de preferencia para futuras ediciones, según se previene en la 2.ª cláusula.

El Sr. Gerente de la Sociedad, D. Felipe R. Cordero Carrete (Apartado 129, Santiago), aclarará cualquier duda que manifesten los posibles concursantes sobre la interpretación de esta convocatoria.

Santiago de Compostela, Enero de 1950.

V.º B.º
EL PRESIDENTE,
F. F. Sánchez Cantón

EL SECRETARIO,
José Filgueira Valverde.

anónimo impreso en Santiago de Compostela por Antonio Pedache no ano citado, no que se fai relación das solemnes festas que se celebraran no convento de Nosa Señora de Bonaval, con motivo e para celebración da canonización do que fora Máximo Pontífice e, a partir de entón, San Pío V. Un curto e curioso artigo é tamén o titulado “Guía de Santiago por agudezas”, arredor dun rarísimo libro de Pablo Mendoza de los Ríos, editado en Santiago de Compostela en 1731, e

titulado *Theatro Moral y Político de la noble Academia Compostelana con la adición curiosa de diversos asuntos conforme a lo que en ella se practica*, no que o autor inclúe un tratado titulado *El peregrino en Santiago*, cun completo itinerario pola cidade compostelá.

Pero non só o libro antigo esperta o seu interese. Tamén os libros máis recentes, do século XIX e do XX, especialmente aqueles que atinxen dalgunha maneira á cultura máis intrinsecamente galega.

Entre estes está a antoloxía galega de Casal, manuscrita, de 1865, a primeira da fala literaria galega, conservada no Museo de Pontevedra. Inclúese tamén un artigo dedicado a *El Álbum del Miño*, unha das “máis raras e preciadadas xoias bibliográficas da imprenta viguesa”, publicado polo xornal do mesmo nome en 1858, e mais outro traballo sobre a viaxe que José María Fernández Sánchez e Francisco Freire Barreiro fan a Terra Santa, e tras a cal se edita un interesantísimo libro, outra das xoias da imprenta galega, profusamente adornado con xilografías realizadas coa técnica de contrafibra, publicado en Santiago de Compostela en tres tomos.

Así mesmo, dedícalle un curto estudo á edición do álbum *Nós*, de Castelao, obra cimeira que o mesmo Filgueira vive xunto con Sánchez Cantón, que levaría o peso editorial, Claudio Losada e Iglesias Vilarelle, Paz-Andrade, Pintos e o propio Castelao, de quen conserva cartas de enorme interese sobre a publicación desta obra transcendental da cultura galega.

Con motivo da reedición dos suplementos de *Nós*, “a máis longa e duradeira xeira dunha revistiña galega de espallamento popular”, publicados a partir de 1927 e comezados precisamente coas “Cantigas galegas. Escolleita” de Xosé Filgueira Valverde, escribe tamén unha pequena introdución.

Outro importante e interesante grupo de artigos é o que dedica a publicacións periódicas, esencialmente galegas, e que na súa maior parte son estudos realizados con motivo das reedicións facsimilares das revistas en cuestión. Trátase polo xeral de publicacións culturais de interese para Galicia e, en máis dunha, a colaboración e a participación de Filgueira na xestión e na súa andaina achegan datos e informacións de especial interese debido ao feito de ser el testemuña directa da historia das publicacións periódicas en Galicia, incluso para temas anexos, como o da ilustración destas.

Unha das publicacións máis significativas das que estudou Filgueira foi *La Ilustración Gallega y Asturiana*, que, xunto coa súa predecesora *La Ilustración de Galicia y Asturias*, marca un fito fundamental na historia das revistas ilustradas relacionadas con Galicia. Realizada en Madrid, onde había estrutura industrial abunda, e aínda que dirixida predominantemente ao público asturiano e galego, só con repasar o elenco de colaboradores é doado apreciar a enorme calidade dos seus artigos e do valor non só artístico senón, e sobre todo, documental dos seus

EDITORIAL DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS

NUEVA CONVOCATORIA PARA EL TERCER CONCURSO

Declarado desierto el III Concurso convocado por la "Editorial de los Bibliófilos Gallegos, S. A.", según dictamen del Jurado presidido por el Excmo. Sr. Dr. D. Vicente García de Diego, esta Sociedad abre nueva convocatoria para premiar, de acuerdo con sus Estatutos, una obra de interés para la cultura gallega. Regirán las siguientes

B A S E S :

- 1.^a Premiará este Concurso la mejor colección de refranes gallegos.
- 2.^a El número de refranes deberá acercarse a la cifra de veinte mil, considerada la gran riqueza de la paramielografía gallega.
- 3.^a El orden será por materias, siguiendo la clasificación que adopte el concursante, y en cada sección los refranes irán numerados y en orden alfabético. La adopción de una clasificación acertada y el rigor al aplicarla serán considerados como mérito preferente.
- 4.^a Además de los refranes que haya recogido directamente el autor deberán incluirse los que figuren en otras colecciones, indicando en cada caso la procedencia.
- 5.^a No se incluirán frases y dichos populares, si no tienen valor estricto de refrán.
- 6.^a El mérito fundamental de los refranes será su autenticidad y carácter regional, no buscando una riqueza artificial con refranes creados al caso, traducidos del castellano o del portugués modernamente por los colectores.
- 7.^a No es obligada la comparación con refranes extraños, pero añadirá mérito la anotación de correspondencias, así como los comentarios, en particular los interpretativos.
- 8.^a El premio único e indivisible será de doce mil pesetas (Ptas. 12.000) y diez ejemplares de la obra premiada, cuya propiedad literaria pasará a la Editorial.
- 9.^a Los trabajos deberán estar en poder de la Editorial antes del 30 de Junio de 1954, en tres copias mecanografiadas, escritas por una sola cara.

El Sr. Gerente de la Sociedad Editorial (Apartado 129, Santiago de Compostela) aclarará cualquier duda que manifiesten los posibles concursantes sobre la interpretación de esta convocatoria y a él deberán dirigirse o entregarse los trabajos.

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 1953.

V.º B.º
EL PRESIDENTE,

F. J. Sánchez Cantón.

EL SECRETARIO,

José Filgueira Valverde.

gravados. Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Bernardo Barreiro, Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Linares Rivas, Emilia Pardo Bazán, Villaamil y Castro, Isidoro e Modesto Brocos, Serafín e Teodomiro Avendaño, Federico Guisasaola, entre outros moitos, son só unha pequena mostra das personalidades que colaboraron nela.

Tamén neste ámbito das publicacións ilustradas do século XIX está *La Ilustración Cantábrica*, publicada entre 1881 e 1882, sobre a que o profesor redactou un breve estudo. Así mesmo, escribiu a introdución da reedición de *O Tío Marcos da Portela*, título fundamental de finais deste século XIX que había ter un papel esencial no rexurdir da fala, co seu papel “devanceiro” no xornalismo en galego. Unha destas publicacións da que Filgueira foi testemuña directa do seu nacemento, e amigo da maior parte dos colaboradores aínda que pola súa xuventude non chegou a colaborar nela –tiña entón dezaoitos anos–, foi a pontevedresa *Alborada*, unha pequena revista literaria na que escribían autores como Cabanillas, Castelao, Vicente Risco e Losada Diéguez, entre outros. Publicada no ano 1922, e malia a súa curta vida, é unha revista de enorme interese pola calidade das colaboracións e polas súas ilustracións en linóleo. Como ben sinala Xosé Filgueira, a revista foi a soleira da que posteriormente sería fértil escola pontevedresa de linoleografía: “A revista ten ese dobre interese: pola fermosura dos escritos e pola orixinalidade da ilustración, toda ela en linóleo, ofrecendo o contraste da figuración expresionista de Castelao co futurismo, cubista-ultraísta, de Manoel Méndez”. Tamén participou activamente en *Logos*, revista de inspiración relixiosa editada en Pontevedra entre os anos 1931 e 1936, na que o idioma galego se fixo presente nos ámbitos da cultura e da sociedade galega. Filgueira Valverde, coma noutros casos, realiza a introdución para a edición facsimilar da obra, na que participan, xunto ao profesor pontevedrés, nomes tan importantes como Castelao, que a ilustra, Losada Diéguez, Iglesias Vilarelle, Amor Ruibal, Ferro Couselo, Cabanillas, Otero Pedrayo e outros moitos.

Por último, e entre os títulos sobre o libro ou temas afíns, eliximos tres curiosas achegas: un artigo onde se recolle o texto lido na clausura do Congreso sobre *Circulación de códices e de escritos entre Europa e a Península nos séculos VII ó XIII*, co título de “Os camiños dos códices”; un segundo artigo sobre os antigos “moldeiros”, que era o nome que se lles daba aos primeiros impresores; e un terceiro que pecha, case como unha advocación de esperanza, dedicado a Nosa Señora dos Bos Libros, baseado nun poema de Gerardo Diego, traducido ao galego polo mesmo Filgueira Valverde, e que recorda as abundantes imaxes da Virxe co Neno e un libro nas mans.

A contribución de Xosé Filgueira Valverde a este inesgotable tema dos libros é moito maior ca isto. É só como mostra do que habería que engadir á enorme relación dos seus méritos, cómpre citar o labor bibliográfico que supón a súa dedicación de anos e de tempo á Bibliografía de Galicia, un indispensable repertorio de referencia, publicado en principio nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

O interese que amosou Filgueira Valverde polos libros estendeuse ao gravado, e, en concreto, ao gravado compostelán de tema xacobeo. Neste campo da investigación tamén é fundamental Filgueira Valverde, e por unha dobre razón. Por

un lado, polo labor divulgador e sobre todo de recuperación dos gravados galegos realizado, baixo a súa dirección, polo Museo de Pontevedra; e por outro, pola súa contribución persoal aos estudos sobre o tema realizada a través dunha serie de artigos que poñen as bases teóricas sobre as que descansarán as posteriores investigacións. Estes artigos, as exposicións realizadas na década de 1940 e a publicación nunha obra –que hoxe é unha auténtica xoia bibliográfica– do catálogo de gravados composteláns do Museo de Pontevedra e da reprodución, a partir das pranchas conservadas, dalgúns deles supoñen o espertar do interese polo gravado compostelán que, con altibaixos, chega ata os nosos días. Catro son os artigos de Filgueira Valverde incluídos nesta selección. O primeiro, un estudo iconográfico publicado en 1944 sobre as diferentes representacións da figura de Santiago, onde se establecen os tipos básicos (o Santo Peregrino, como Apóstolo, Camiñante, Evanxelizador ou Peregrino ante a Virxe, e o Santiago Cabaleiro, á súa vez a pé, a cabalo, con armadura, como guerreiro, como capitán e mixto) e se fai un interesante repaso da produción galega e foránea sobre o tema. O segundo, un interesante e curioso artigo sobre os gravados da Virxe Peregrina de Pontevedra. O terceiro, e a súa principal achega teórica, o artigo “Gravados compostelanos” no que repasa a situación das investigacións realizadas ata ese momento e ofrece unha clarificadora visión de conxunto que inclúe, por vez primeira, conclusións estilísticas e características estables de toda a escola. O último dos artigos incluídos do profesor Filgueira Valverde recolle, en liñas xerais e resumidamente, as conclusións do anterior.

III. DESCRIBIR LIBROS

Filgueira fai as súas primeiras aproximacións á bibliografía na revista *Logos* (Pontevedra, 1931-1936). Da súa autoría é a sección “Bibliografía” na que publica unha relación de novidades e breves recensións, que aparecerán periodicamente asinadas co pseudónimo J. Acuña. Pero para falar do que será a Bibliografía de Galicia temos que esperar ata 1942, cando Filgueira xa é director do Museo de Pontevedra e do Instituto de Estudios Gallegos –que se acababa de crear– vinculado ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Unha das primeiras actuacións de Filgueira será a elaboración, en colaboración inicial con Alfredo García Alén, dun repertorio bibliográfico sobre Galicia.

O obxectivo do gran proxecto da Bibliografía de Galicia, tal e como se di na mesma introdución dos Boletíns, era rexistrar “obras e artigos publicados en Galicia, referentes a ela ou escritos por literatos e investigadores galegos”. En fin, a Bibliografía de Galicia debía recoller todas as publicacións editadas en Galicia, as escritas en galego, as escritas por autoras e autores galegos (sen importar o idioma utilizado) e aquelas que tratasen sobre Galicia e/ou a súa poboación.

Pero ademais recompilaba, tal e como se especifica nos Boletíns, aqueles escritos que sen teren unha relación directa con Galicia, interesaban “a nivel comparativo”. Non se incluían as publicacións oficiais, o material cartográfico, os impresos musicais e, evidentemente, as edicións sonoras e audiovisuais pero, así e todo, tratábase dunha bibliografía exhaustiva: o único criterio de selección que se aplicaba era que as obras entrasen na biblioteca do Museo de Pontevedra sen importar a súa procedencia. Os rexistros descritivos do Boletín elaborábanse cos asentamentos procedentes da catalogación de monografías (libros, folletos, follas soltas) e da catalogación analítica de coleccións, capítulos de monografías e artigos de publicacións seriadas periódicas (revistas e diarios de información xeral...) e non periódicas (actas de congresos, memorias etc.). A descrición dos rexistros bibliográficos era básica, pero identificaba perfectamente a obra, achegando os seguintes datos: autoría, título, lugar e data de publicación, extensión. No caso dos artigos, describíase a publicación da que se recollían e indicábanse as páxinas que ocupaban. Cada rexistro ía precedido do número que lle correspondía dentro do repertorio. A desaparición do pequeno resumo que Villaamil incluía ao pé de cada ficha xustificábase con que non se trataba dunha bibliografía crítica. A seguir, dous exemplos:

26.006. BALEA MÉNDEZ, Darío. *Catálogo de incunables de la Biblioteca del Seminario Diocesano de Mondoñedo* / Darío Balea Méndez. En: *Estudios Mindonien-ses*, 1985, n.º 1, p. 327-360.

26.020. DÍAZ Y DÍAZ, Manuel C. *Los tumbos de Compostela* / Manuel C. Díaz y Díaz; Fernando López Alsina y Serafín Moralejo Álvarez. Madrid: Edilán, 1985. 150 p.

A primeira entrega da Bibliografía de Galicia foi publicada en 1944 como unha sección dentro dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, editados polo Seminario Padre Sarmiento, con rexistros bibliográficos recollidos dende o 1 de xaneiro de 1942, elaborándose no Museo de Pontevedra a partir das publicacións que, como se dixo anteriormente, se incorporaban á Biblioteca. Saíu á luz cunha periodicidade media dun ano por entrega e, posteriormente, editaríase como publicación independente dos *Cuadernos*, pasando a recibir subvencións da Xunta de Galicia para a súa elaboración e edición.

O repertorio estruturábase segundo unha clasificación por materias tomadas, en 1942, do *Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de libros que tratan de Galicia* de José Villaamil y Castro (1875), que o Instituto Padre Sarmiento aspiraba a completar. Filgueira, sobre o mesmo esquema clasificador, tivo que realizar as lóxicas modificacións debidas á aparición de novas tipoloxías de materias e contidos de información que non tiñan cabida na clasificación de Villaamil, incorporando ademais artigos de publicacións periódicas. Así pois, o esquema

inicial sufriu algunhas modificacións: desapareceron como grupos de materias independentes os apartados de Historia Militar e Historia Económica; creouse o grupo VIII dedicado á Filoloxía, Lingua e Literatura, división coa que non contaba o repertorio de Villaamil; introduciuse un apartado específico para Bibliografía, aínda que dentro do epígrafe correspondente a Ciencias Naturais, que incluía tamén as Ciencias Auxiliares da Historia. Posteriormente, e case con cada entrega, foron aparecendo máis subdivisións dentro de cada grupo de materias, creándose un novo grupo, o IX, dedicado á Filosofía, ata chegar ao último número que inclúe entradas para Informática, Ecoloxía e Medio Ambiente, Medios de Comunicación, Cine e Vídeo, Humor Gráfico e Cómic. Para incorporar rexistros que tratasen de temas vinculados cos últimos avances científicos, técnicos ou culturais creáronse, como solución, novas subdivisións, unhas con mellor criterio ca outras, ou acumulouse a información baixo o epígrafe “Xeneralidades”, que aparecía ao principio de case todas as grandes subdivisións, dificultando a recuperación da información recompilada no repertorio. Esta dificultade de manexo aumentou debido á carencia de índices, xa que só contou dende o primeiro momento co Índice de Abreviaturas empregadas na Bibliografía, que se correspondía exclusivamente coas publicacións seriadas que se baleiraban.

Canto á periodicidade, especificábase que “pola súa pretensión de dar a coñecer as novidades, sería exhaustiva e periódica”, mantendo, como xa se dixo, unha periodicidade media dun ano entre 1944 e 1971. A partir dese ano a súa publicación foi máis irregular. Coñecería ao longo da súa vida distintas etapas marcadas, en certa medida, pola relación que Xosé Filgueira mantivo co Instituto de Estudos Gallegos e, posteriormente, coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

A información bibliográfica recollida é copiosa, o que fai deste repertorio unha imprescindible obra de consulta. Así pois, podemos resumir que a Bibliografía de Galicia de Filgueira Valverde herdou aspectos do repertorio elaborado por Villaamil y Castro, no seu esquema e amplitude; e as novas formas metodolóxicas e descritivas adoptadas por Uxío Carré para os *Boletíns bibliográficos da Librería Gallega*. Na última etapa aplicáronse normas de descrición estandarizadas, segundo as *Reglas de catalogación* de bibliotecas elaboradas polo Ministerio de Cultura.

IV. EDITAR LIBROS

No seu labor como editor temos que subliñar tres proxectos:

1. REVISTA *EL MUSEO DE PONTEVEDRA*

O primeiro exemplar da revista *El Museo de Pontevedra*, de periodicidade anual, saíu de imprenta en 1942.

As primeiras entregas realizábanse en fascículos que despois se encadernaban formando un só volume anual. Dende entón editouse con regularidade variable, dependendo das contrariedades do momento histórico ou económico que atravesase a institución.

A temática de *El Museo de Pontevedra* é variada, sempre relacionada coas humanidades: arqueoloxía, historia, arte, antropoloxía, literatura, biografía, bibliografía, museografía, arquivística etc., fundamentalmente relativas a Galicia en xeral e Pontevedra en particular, sen faltar alusións a outras zonas xeográficas.

Canto ás características físicas, a partir do número LIV (2000) a revista cambiou de formato, co obxecto de modernizarse e facerse máis lexible e atractiva externamente, inserir máis ilustracións (inclúense xa algunhas en cor) e mellorar a presentación dos textos. Así pasou do tradicional tamaño de 21 x 16 cm ao actual de 28 x 21 cm.

2. EDITORIAL SOCIEDAD DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS (1949-)

A Editorial de los Bibliófilos Gallegos naceu oficialmente en 1949 coa finalidade de difundir o libro galego, “mediante a reedición de obras antigas e a publicación de orixinais de autores contemporáneos, en especial os que deseen coñecer aspectos ignorados das nosas letras, nosa arte e nosas costumes”.

A importancia deste proxecto cultural en Galicia radica, ademais de no seu constante e importante labor de recuperación de clásicos e publicación de novos textos, no papel que xoga na difícil época da posguerra no restablecemento do labor editorial e cultural de acento galeguista.

Aínda que desligada do galeguismo do exterior, e en certo modo desvinculada das características do movemento antes da Guerra Civil, a editorial vai supoñer a continuidade que busca con concursos de novos autores ou obras— da publicación non só de libros de temática galega senón de libros escritos en galego. A obra premiada no primeiro concurso, *Xente da Barreira*, de Ricardo Carvalho Calero, vai ser de feito a primeira novela en galego da posguerra.

A Sociedad de los Bibliófilos Gallegos foi fundada no ano 1949 en Santiago de Compostela por un grupo de persoas ligadas, dalgunha maneira, ao Instituto de Estudos Gallegos. O proxecto, que xa comezaba a planificarse uns poucos anos antes entre un grupo de amigos, concrétase finalmente coa constitución da que se vai denominar “Editorial de los Bibliófilos Gallegos”.

A comezos de 1948 empezan os traballos de captación de accionistas e subscritores, e o 13 de agosto celébrase no hotel Compostela a reunión preparatoria para a constitución da Sociedade. Decídese que o primeiro presidente sexa Sánchez Cantón, o vicepresidente Marcelino Blanco de la Peña e o secretario Xosé Filgueira Valverde. De xerente actuará Felipe R. Cordero Carrete. Os catro,

xunto con Fernando Alsina e Juan Gil Armada, Marqués de Figueroa, constituíranse ademais como socios fundadores da Sociedade. Importantes figuras participarán como accionistas, entre elas Valentín Paz-Andrade, Isidro Parga Pondal, Cruz Galástegui, Ramón Baltar, Ricardo Bescansa ou Francisco Fernández del Riego.

A Editorial emprende no momento do seu nacemento catro proxectos de coleccións:

- **Biblioteca de Galicia.** Con dúas series, unha de reedicións e outra de inéditos, que pretende editar nese momento polo menos dous volumes anuais. Publicaranse nesta colección 24 títulos, dende 1949 –ano en que sae á luz *Camiños no tempo*, de Ramón Cabanillas– ata 1999, en que se publican as *Traduccións poéticas* de Antón Losada Diéguez.
- **Colección Obradoiro.** Unha serie de divulgación artística para dar a coñecer, en breves monografíaas en 8º ilustradas con láminas, cidades, monumentos, artistas ou artes industriais. Chegará a publicar 15 títulos, e nela colaborarán figuras como Sánchez Cantón, Chamoso Lamas, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Antonio Fraguas, Vázquez Saco, Hipólito de Sá Bravo e outros.
- **Colección de Bibliófilos Gallegos.** Dedicada a publicar, en edicións facsimilares ou reimpresións, libros raros, curiosidades esquecidas, antigas viaxes por Galicia..., en cuidadas edicións anuais de non máis de 300 exemplares. Chegan a publicarse 7 títulos ata 1984.
- **Colección Enciclopedia Gallega.** Este proxecto púxose en marcha en 1951 coa publicación, en tres volumes, do *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* de Couceiro Freijomil, e só chegará a publicar 3 títulos ata 1984. Nesta colección tamén se publican os tres volumes de *Blasones y linajes de Galicia*, do padre mercedario J. S. Crespo Pozo e o *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, de Ángel del Castillo, en coedición xa coa Fundación Barrié de la Maza. Outros proxectos desta colección, como o *Diccionario gallego* de A. Iglesias Alvariño, o *Diccionario geográfico-histórico* de Antonio Fraguas e o *Diccionario zoológico* de Luís Iglesias, non chegan a editarse.

A Editorial de los Bibliófilos Gallegos traslada o seu domicilio social ao Museo de Pontevedra en xullo de 1975. En agosto de 1992 disólvese como Sociedade Anónima para constituírse en Fundación Editorial de los Bibliófilos Gallegos, á que se lle cede “a totalidade do activo e pasivo da sociedade disolta como continuadora dos seus fins, mediante dotación no negocio fundacional da mesma.”

3. COLECCIÓN GALICIA HISTÓRICA DA FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA (1977-)

Preparada polo Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e editada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, iníciase en 1977 coa publicación de *El reino de los suevos* de Casimiro Torres. En total, a día de hoxe, publicáronse 37 volumes.

ADDENDA I

EDITORIAL SOCIEDAD DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS (1949-)

COLECCIÓN BIBLIOTECA DE GALICIA

Baltar Domínguez, Ramón (1979): *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 173 p. Prólogo de José Filgueira Valverde.

Cabanillas, Ramón (1949): *Camiños no tempo*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 186 p.

————— (1955): *Versos de alleas terras e de tempos idos: paráfrasis galegas*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 174 p. Portal de F. J. Sánchez Cantón.

Carvalho Calero, Ricardo (1951): *A xente da Barreira: novela*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 174 p.: il. Ilustracións de A. Portela Paz.

Curt Martínez, José (1978): *Galicia viva. La fauna gallega y algo más*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 374 p.

Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (ed.) (1985): *Visiones del más allá en Galicia durante la alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 180 p., [4] p. de lám.

Filgueira Valverde, Xosé (1970): *Historias de Compostela*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 4 h., 220 p.: lám.

————— (ed.) (1965): *Lago González: biografía y selección de su obra gallega*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. LXXXI, 218 p., 1 f.: il.

García Oro, José (1977): *Galicia en la Baja Edad Media: iglesia, señorío y nobleza*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 283 p.

————— (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media: [las casas nobles y sus relaciones estamentales]*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XXIII, 418 p.: il.

López Ferreiro, Antonio (1953): *Novelas de López Ferreiro*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XV, 347 p. Limiar de Paulino Pedret Casado.

- María Antonia de Jesús, Madre (O.C.D.) (1954): *Edificio Espiritual*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XXXIX, 276 p., 3 f.: il.
- Martínez Barbeito, Carlos (1951): *Macías el enamorado y Juan Rodríguez del Padrón: estudio y antología*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 214 p.
- Massó, Gaspar (1975): *Pedro Madruga de Soutomayor caudillo feudal*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 201 p. XXXII lám., 1 map. preg. Prólogo de Dámaso Alonso; colofón de Álvaro Cunqueiro.
- Neira de Mosquera, Antonio (1950): *Monografías de Santiago y dispersos de temas compostelanos (1844-1852)*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XXX, 307 p. il. Estudo preliminar de Benito Varela Jácome.
- O *Novo Testamento* (1974). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 682 p. Versión íntegra do crego Avelino Gómez Ledo; limiar de Xosé Filgueira Valverde.
- Opúsculos médicos gallegos del siglo XVIII* (1961). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. LXV, 287 p. Araujo y Salgado... [et al.], prólogo do Dr. J. Rof Carballo, estudo preliminar sobre a época e os autores polo Dr. Ramón Baltar Domínguez.
- Pokorny, Julius (1952): *Cancioeiro da poesía céltiga*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XXXI, 141 p. Trad. de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro.
- Sagra Biblia en galego (I): Pentateuco* (1975-1984). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 4 v. Versión de Manuel Casado Nieto.
- (II): *Libros históricos* (1982). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 663 p. Versión de Manuel Casado Nieto.
- (III): *Os profetas* (1982). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 496 p. Versión de Manuel Casado Nieto.
- (IV): *Libros poéticos e sapienciais* (1984). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 493 p. Versión de Manuel Casado Nieto.
- Sánchez Cantón, Francisco Javier (1991): *Obra en galego de Francisco Xavier Sánchez Cantón*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 108 p. Introducción de Xosé Filgueira Valverde.
- Tobío, Lois (1974): *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 409 p.
- Traduccions poéticas* (1999). Pontevedra: Fundación Editorial de los Bibliófilos Gallegos. 93 p. Selección e tradución de Antón Losada Diéguez; introdución e edición Cristina Marchisio.
- Troche y Zúñiga, Froilán (1952): *El Cazador gallego con escopeta y perro* (1837). Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 179 p. Estudo preliminar de Jose María Álvarez Blázquez, notas de Francisco de Paula Fernández de Córdoba e ilustracións da época.

COLECCIÓN BIBLIÓFILOS GALLEGOS

- Barcelos, Pedro, Conde de (1974): *Nobiliario de D. Pedro Conde de Barcelos*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XVI, 8 f., 402 p., 18 f., 46 p., 5 f. Intr. e notas de José Filgueira Valverde.
- Fernández Neira, José (1984): *Proezas de Galicia: explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 94 p.: il.
- Gándara y Ulloa, Felipe de la (1970): *Armas y triunfos: hechos heroicos de los hijos de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 2 v. Intr. de José Filgueira Valverde. Ed. facsímile. [Reprod. facsímile da ed. de: Madrid: por Pablo de Val, 1662].
- Gómez Tonel, Juan (1951): *Relación de las Exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reyna Doña Margarita de Austria...* Pontevedra: Talleres Peón. XXVIII, [188] p.
- Molina, Bartolomé Sagrario de (1949): *Descripción del Reyno de Galizia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XXVIII, 158 p. Intr. de José Filgueira Valverde. Reprod. facs. da ed. de: Mondoñedo: Agustín Paz, 1550.
- Ordiozola, Antonio (1982): *Estanislao Polono: Un extraordinario impresor polaco en la España de los s. XV y XVI (1491-1504)*. Pontevedra: Deputación provincial. 50 p., grav., 15 f.
- Opúsculos Gallegos sobre Bellas Artes de los siglos XVII y XVIII: (Vega y Verdugo, Domingo de Andrade, P. Feijoo, P. Sarmiento, Felipe de Castro, Prado y Mariño) (1956). Compostela: Bibliófilos Gallegos. XIV, 288 p., 22 f. Publicados en facsímile, ou transcritos, con notas preliminares por F. J. Sánchez Cantón.

COLECCIÓN DE ARTE OBRADOIRO

- Castillo López, Ángel del (1949): *El Pórtico de la Gloria*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 44 p., 48 p. de lám.
- Chamoso Lamas, Manuel (1951): *Ribadavia*. Santiago: Bibliófilos Gallegos. 26 p., 48 p. de lám.
- Filgueira Valverde, Xosé (1951): *Sargadelos*. Santiago: Bibliófilos Gallegos. 62 p., 48 p. de lám., IV f. de lám.
- (1959): *El Tesoro de la catedral compostelana*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 87 p., 48 p. de lám.
- (1969): *El Viaje a Galicia de Urrabieta Vierge*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 63 p.
- Fraguas Fraguas, Antonio (1974): *Lugo*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 93 p., 48 p. de lám.

- Otero Pedrayo, Ramón (1973): *Orense*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 140 p., 48 f. de lám.
- Pita Andrade, José Manuel (1952): *Monforte de Lemos*. Santiago: Bibliófilos Gallegos. 82 p., 2 f.: il.
- Rodríguez Maneiro, Manuel (1978): *El Museo Provincial de Bellas Artes de La Coruña*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 37 p., 53 p. de lám: il.
- Sá Bravo, Hipólito de (1978): *Monasterio de Celanova*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 98 p.: 35 lám. neg. e col., grav.
- Sánchez Cantón, Francisco Javier (1950): *El Museo de Pontevedra*. Santiago: s.n. 32 p.: il.
- (1952): *F. A. de Sotomayor*. Santiago de Compostela: s.n. 46 p., 3 f.: il.
- (1963): *Pontevedra*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 75 p., 48 lám.: il.
- Torres Balbás, Leopoldo (1954): *Monasterios cistercienses de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 62 p., 3 f.: il.
- Vázquez Saco, Francisco (1953): *La catedral de Lugo*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 70 p., 48 lám.

COLECCIÓN ENCICLOPEDIA GALLEGA

- Couceiro Freijomil, Antonio (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 3 v.
- Crespo Pozo, José Santiago (1957-1965): *Blasones y linajes de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. 3 v.
- Castillo López, Ángel del (1972): *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. XLVI, 1 f., 715 p., 188 lám. Introducción e bibliografía complementaria de José Filgueira Valverde.

ADDENDA II

COLECCIÓN "GALICIA HISTÓRICA"

EDITADA POLA FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA

- Abel Vilela, Adolfo de (2009): *La ciudad de Lugo en los siglos XII al XV. Urbanismo y sociedad*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 701 p.
- Antonio Rubio, M.^ª Gloria de (2006): *Los judíos en Galicia (1044-1492)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 681 p.
- Armas Castro, Xosé A. (1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 389 p.

- Baliñas Pérez, Carlos (1998): *Gallegos del año mil*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 294 p.
- Barral Rivadulla, M.^a Dolores (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 515 p.
- Domínguez García, José Manuel (2010): *Cátedras de gramática y educación en Galicia, siglos XVI y XVII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 384 p.
- Freire Camaniel, José (1998): *El monacato gallego en la Alta Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- (2013): *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristiniano (siglos I-VII)*. A Coruña: Fundación Barrié. 1.009 p.
- García Blanco-Cicerón, Jacobo (2006): *Viajeros angloparlantes por la Galicia de la segunda mitad del siglo XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 365 p.
- García Guerra, Delfín (1983): *El Hospital Real de Santiago, 1499-1804*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 468 p.
- García Leal, Alfonso (2007): *El diploma del rey Silo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 611 p.
- García Oro, José (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- González López, Emilio (1980): *La Galicia de los Austrias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- González Soutelo, Silvia (2011): *El valor del agua en el mundo antiguo: sistemas hidráulicos y aguas mineromedicinales en el contexto de la Galicia Romana*. A Coruña: Fundación Barrié. 628 p.
- Martín García, Alfredo (2008): *Auge y decadencia: desarrollo económico, cultura y educación en Ferrolterra durante el Antiguo Régimen*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 408 p.
- Novo Cazón, José Luis (1986): *El priorato Santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 555 p.
- Olivares Guillem, Andrés (2004): *Prisciliano a través del tiempo. Historia de los estudios sobre el priscilianismo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 314 p.
- Ordoño de Celanova (1990): *Vida y milagros de San Rosendo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 333 p.
- Osuna Rey, Juan Manuel (2006): *Los franceses en Galicia. Historia militar de la guerra de independencia en Galicia (1809)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 482 p.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo José (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.

- Quiroga, Jorge L. (2004): *El final de la antigüedad en la "Gallaecia". La transformación de las estructuras de poblamiento entre Miño y Duero (siglos V al X)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 626 p.
- Rivera Vázquez, Evaristo (1989): *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanzas en los siglos XVI al XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. 692 p.
- Rodríguez González, Ángel (ed.) (1984): *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños. Pleito Tabera-Fonseca*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- Rodríguez Suárez, M.^a del Pilar (1996): *La universidad de Santiago en el siglo XVI. Los libros de claustro 1566-1600*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- Saavedra Fernández, Pegerto (2003): *Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la historia rural de la España moderna*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 217 p.
- Sánchez Carrera, M.^a del Carmen (1997): *El Bajo Miño en el siglo XV, el espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 432 p.
- Sánchez-Albornoz, Claudio (1981): *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. 584 p.
- Sanmartín Míguez, J. Santiago (2002): *La botica del Hospital Real de Santiago de Compostela (1499-1880)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 431 p.
- Santos Puerto, José (2002): *Martín Sarmiento. Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2 v.
- Sobrado Correa, Hortensio (2001): *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 759 p.
- Torres, Casimiro (1977): *El reino de los suevos*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. 342 p.
- (1982): *La Galicia romana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 334 p.
- (ed.) (1985): *Paulo Orosio. Su vida y obras*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 921 p.
- Valdés Hansen, Felipe (2010): *Los balleneros en Galicia (siglos XIII al XX)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 591 p.